



GRUPO MUNICIPAL

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, Vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que o Concello **HABILITE UN SERVIZO DE COMEDOR SOCIAL ALTERNATIVO, OPTIMIZANDO RECURSOS DOS QUE XA DISPÓN, PARA FACILITAR QUE OS DOMINGOS E FESTIVOS RELIXIOSOS POIDAN SEGUIR RECIBINDO UN XANTAR AS PERSOAS QUE QUEDAN SEN O SERVIZO AO QUE RECORREN A DIARIO NO COMEDOR DE SAN FRANCISCO (DADO QUE O PERSOAL TÉCNICO E O VOLUNTARIADO CON QUE ESTE CONTA NON TEN DISPOÑIBILIDADE ESES DÍAS).**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Pontevedra, cunha poboación de 82.946 habitantes (43.601 mulleres e 39.345 homes), caracterízase porque a súa cidadanía está cada vez mais empobrecida e en situación de exclusión social.

Isto queda reflectido en indicadores como a taxa de paro rexistrado, é dicir, o número de persoas demandantes de emprego rexistradas polo Servizo Público Emprego (no mes de setembro de 2015, foi de 7.179, das cales 3.231 son homes e 3.948 son mulleres). E tamén polo indicador de risco de pobreza e exclusión social, AROPE, afectando a un total de 17.087 persoas, é dicir, ao 20,62 por cento da poboación.

O Comedor de San Francisco, xestionado polo Pai Superior da Comunidade Franciscana de Pontevedra, leva funcionando 27 anos (desde o 13 de xuño de 1988).

A súa principal actividade é dar un xantar de luns a sábado (os domingos e festivos relixiosos quedan excluídos), entre as 13:00 e 14:30 horas, a unha media de 110 persoas por día. A demanda que teñen fai que deban ofrecer dúas quendas, xa que o aforo do comedor é tan só de 66 persoas. Isto obriga, para un desenvolvemento axeitado do servizo, a un maior esforzo tanto do persoal técnico contratado (a cociñeira, a axudante de cociña e a educadora social) coma do Pai superior da comunidade e do equipo de voluntariado, formado por outras 20 persoas.

Alén do xantar propiamente dito, ofrécense tamén bocadillos, froita e iogures ás persoas que os recollen para levalos para a súa casa, ou asesoramento, a cargo da educadora, en materias como a das axudas e prestacións sociais, a dos procedementos de presentación de documentación ante as administracións públicas, ou a busca de formación ou emprego.

Con data de 19 de setembro de 2013, o Concello de Pontevedra asinou un convenio de colaboración coa devandita orde co obxecto de desenvolver un programa de atención básica de alimentación dirixido a persoas en situación de exclusión social por un importe de 12.000 euros (este convenio foise actualizado anualmente, conforme o incremento do IPC rexistrado polo Instituto Galego de Estadística).

Aínda que se conta con esta importante achega económica municipal, por si soa sería insuficiente para poder atender o volume actual de xantares, e por iso a Comunidade Franciscana conta, por unha banda con doazóns de establecementos de alimentación, da praza de abastos e de particulares, e mais, por outra, con recursos obtidos nos “cepillos” na igrexa (arredor do 85 por cento do custo total).

No tocante ás persoas que acoden ao Comedor de San Francisco, máis da metade son fixas, é dicir, levan acudindo máis dun ano. Acoden por diversos motivos. Entre eles: por non teren traballo, por separación ou divorcio da súa parella, por quedaren sen casa, por estaren soas e sen ningún tipo de rede familiar de apoio, ou porque a pensión que perciben só lles chega para poder pagar o alugueiro.

A porcentaxe máis elevada é de homes (70 por cento, fronte ao 30 por cento de mulleres). A maioría, entre o 30-40 por cento, son maiores de 65 anos, aínda que a media de idade está a descender a raíz da crise socio económica. Un 30 por cento son persoas de entre 30-45 anos, que piden na rúa, sen fogar, e que xa non teñen dereito a percibir ningún tipo de cobertura e/ou prestación social. Case un 40 por cento destas persoas vense obrigadas tamén a acudir a outras entidades sociais para poder facer fronte ás necesidades básicas.

Un último dato salientable é que cada vez acoden máis familias, con menores a cargo, que levan o xantar para casa, para evitar o estigma de “que se lles vexa na cola do comedor dos pobres”. Polo mesmo motivo de preservar a súa intimidade e pola “vergoña que senten” tamén hai persoas que tan só van na procura dun bocadillo e dunha froita, sen sentarse a xantar (un 10 por cento).

Por todo isto, Marea Pontevedra presenta a seguinte

PROPOSICIÓN

- **Que o Concello habilite un servizo de comedor social alternativo, optimizando recursos dos que xa dispón, para facilitar que os domingos e festivos relixiosos poidan seguir recibindo un xantar as persoas que quedan sen o servizo ao que recorren a diario no Comedor de San Francisco (dado que o persoal técnico e o voluntariado con que este conta non ten dispoñibilidade eses días).**

Pontevedra, 03.11.2015

A Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ